

## NOVIDADES COROLÓXICAS DE MACROMICETOS DO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

por  
J.B. BLANCO-DIOS \*

### Resumo

Se aportan 13 novidades corolóxicas de interese para o Noroeste da Península Ibérica (Galicia e Norte de Portugal).

Palabras clave: *Basidiomycota*, macromicetos, Galicia, Portugal, Península Ibérica, coroloxía

### Summary

13 taxa of chorological relevance for the NW of the Iberian Peninsula (Galicia and North of Portugal) are presented.

Keywords: *Basidiomycota*, macromycetes, Galicia, Portugal, Iberian Peninsula, chorology

## INTRODUCCIÓN

Citamos neste traballo 13 taxa da división *Basidiomycota*, os cales son novidades provinciais, para Galicia ou, nun caso, para o Norte de Portugal. O material estudado foi recolectado maioritariamente polo autor e determinado por el na súa totalidade. As *exsiccata* están depositadas no herbario LOU-Fungi localizado no Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán (Pontevedra, España).

## CATÁLOGO DE ESPECIES

Os seguintes taxa menciónanse por orde alfabética e de cada un deles de indica a localidade, as coordenada UTM, a altitude sobre o nivel do mar, o hábitat, a data de recolección, o nome do recolector e o número de *exsiccata* do herbario LOU-Fungi.

### *Armillaria tabescens* (Scop.) Emel.

**ESPAÑA: Pontevedra:** Mos, Pereiras, 29TNG2966, 90 m., en prado sobre madeira de especie sin precisar, 8-XI-

---

\* Grupo Micolóxico Galego. Apdo. 1649. E-36200-Vigo. E-mail: jblanco@infobrion.com

2003, *J.M. González*, LOU-Fungi 18378.

Primeira mención para Galicia.

***Boletus junquilleus* (Quél.) Boud.**

**ESPAÑA: Pontevedra:** Salceda de Caselas, Entenza, 29TNG3657, 80 m., en bosque mixto de *Pinus pinaster* e *Quercus robur*, 24-X-2003, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18372.

Rara especie dunha bela cor amarela en todo o carpóforo, da que só se puido atopar un exemplar. Primeira cita para Galicia.

***Bovista limosa* Rostr.**

**ESPAÑA: A Coruña:** Porto do Son, Muro, 29TMH9619, 3 m, en dunas secundarias, 22-XII-2000, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18006.

Primeira cita provincial, só mentada no Noroeste Ibérico para a provincia de Pontevedra (*CASTRO et al.*, 1993), e escasamente citada na Península Ibérica (*CALONGE*, 1998).

***Chroogomphus rutilus* (Schaeff.: Fr.)**

**O.K.Mill. var. *fulmineus* (Heim) Courtecuisse**

**ESPAÑA: A Coruña:** Porto do Son, Xuño, 29TMH9720, 10 m., en plantación de *Pinus pinaster* sobre dunas, 16-XI-2003, *A. Díaz*, LOU-Fungi 18381. **Pontevedra:** O Grove, San Vicente, praia de Area Grande, 29TNH0603, 3 m., en plantación de *Pinus pinaster* sobre dunas, 17-XII-2003, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18383. **PORTUGAL: Minho:** Anha, Amorosa, 5 m., en plantación de *Pinus pinaster* sobre dunas, 27-XI-2003, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18382.

Primeira mención para Galicia e Norte de Portugal deste discutido taxon con especial querencia polos piñeirais litorais.

***Entoloma bloxamii* (Berk. & Br.)**

**Sacc.**

**ESPAÑA: Ourense:** Allariz, Santa Mariña de Augas Santas, 29TPG0076, 610 m., en marxe de bosque de *Quercus robur* e *Betula alba* var. *alba*, 8-XI-2003, *J. Gómez-Bragaña et J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18026.

Primeira cita para a provincia de Ourense. Especie pouco frecuente, incluída no anexo I da Convención de Berna. En Galicia só se coñece ata o de agora da provincia da Coruña (*BLANCO-DIOS*, 2002).

***Hebeloma radicosum* (Bull.: Fr.) Ricken**

**ESPAÑA: Pontevedra:** Barro, A Barosa, 29TNH3012, 90 m., en bosque de *Quercus robur*, 1-XI-2003, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18374.

Primeira mención para a provincia de Pontevedra deste taxon coñecido das outras tres provincias galegas (*SOLIÑO et al.*, 2000).

***Hygrocybe pratensis* (Pers.:Fr.) Murr. var. *pratensis***

**ESPAÑA: Ourense:** Allariz, arredores do camping, 29TNG9970, 540 m., en prado, 5-XI-2004, *M. Durán, J. Gómez-Bragaña et J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18386.

Primeira mención para a provincia de Ourense. En Galicia, citada somentes da provincia de Pontevedra (*BLANCO-DIOS*, 1999), sub. *Cuphophyllus pratensis* (Pers.) Bon var. *pratensis*.

***Hygrophorus hypothejus* (Fr.:Fr.) Fr.**

**ESPAÑA: Pontevedra:** Mos, Tameiga, 29TNH2770, 420 m., en bosque de *Pinus pinaster* e plantación de *Pseudotsuga menziesii*, 8-XI-2003, *J.M. González*, LOU-Fungi 18379.

Primeira cita provincial coñecida para as provincias da Coruña e Lugo (*SOLIÑO et al.*, 1999).

***Lactarius controversus* (Pers.: Fr.) Fr.**

**ESPAÑA: A Coruña:** Brión, Pedrouzos, 29TNH2645, 200 m., marxe de bosque de salgueiros (*Salix atrocinerea*), 7-X-2004, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18384; Touro, Fontedíaz, 350 m., baixo salgueiros (*Salix atrocinerea*) e chopos (*Populus nigra*), 14-X-2004, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18385.

Primeira cita para A Coruña deste taxon con querencia por salgueiros e chopos e xa coñecido das outras tres provincias galegas (SOLIÑO *et al.*, 2000; SOLIÑO *et al.*, 2001.)

***Lactarius glyciosmus* (Fr.:Fr.) Fr.**

**ESPAÑA: Ourense:** Allariz, Paicordeiro, 29TNG9970, 540 m., en marxe de bosque de bidueiros (*Betula alba* var. *alba*), 8-XI-2003, *J. Gómez-Bragaña* et *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18377.

Primeira mención para a provincia de Ourense, só citada en Galicia para a provincia de Lugo (COMESAÑA et CASTRO, 2000), asociada a bidueiros.

***Macrocystidia cucumis* (Pers.: Fr.)**

**Joss.**

**ESPAÑA: Pontevedra:** Vigo, Zamáns, 29TNG2567, 200 m., en marxe de bosque de *Pinus pinaster*, 6-XI-2004, *Asociación Cultural de Herville* et *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18387.

Curiosa especie da que o que máis chama a atención e o seu cheiro entre pepino, sandía e peixe crú, dependendo do seu estadio de desenvolvemento. Primeira cita provincial: só se coñece da provincia da Coruña (Marcote et al., 2003).

***Paxillus filamentosus* (Scop.) Fr.**

**ESPAÑA: Pontevedra:** Barro, A Barosa, 29TNH3012, 90 m., baixo *Alnus glutinosa*, 1-XI-2003, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18376.

Primeira cita provincial desta especie asociada ós ameneiros (*Alnus glutinosa*), citada da Coruña e Lugo (SOLIÑO *et al.*, 1999; SOLIÑO *et al.*, 2001).

***Pleurotus cornucopiae* (Paulet: Fr.)**

**M.M.Moser**

**ESPAÑA: Pontevedra:** Barro, A Barosa, 29TNH3012, 90 m., sobre *Salix atrocinerea*, 16-X-2003, *J.B. Blanco-Dios*, LOU-Fungi 18371.

Primeira mención para a provincia de Pontevedra. Somentes coñecida para Galicia de Ourense, sobre *Ulmus minor* (CASTRO et LAGO, 1997).

**AGRADECIMENTOS**

A José María González (Asociación Cultural de Herville, Mos - Pontevedra) e a Antonio Díaz (Grupo Micolóxico de Porto do Son - A Coruña), polas interesantes aportacións de material, e a José (Pepe) Gómez Bragaña (Caldas de Reis - Pontevedra) pola súa inestimable compañía en numerosas saídas micolóxicas.

**BIBLIOGRAFIA**

- BLANCO-DIOS, J.B. 1999. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi, 6420-6433. *Anales Jard. Bot. Madrid* 57 (1): 143.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2002. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi, 8089-8105. *Anales Jard. Bot. Madrid* 59 (2): 309.
- CALONGE, F.D. 1998. Gasteromycetes, I. Lycoperdales, Nidulariales, Phallales, Sclerodermatales, Tulostomatales in *Flora Mycologica Ibérica*, vol. 3. Ed. Cramer (Vaduz) y Real Jardín Botánico de Madrid
- CASTRO, M.L., FREIRE, L. et CALONGE, F.D. 1993. Catálogo provisional de los Gasteromycetes de Galicia (España). *Bol. Soc. Micol. Madrid* 18: 87-104.

- CASTRO, M.L. et LAGO, M. 1997. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi, 5738-5751. *Anales Jard. Bot. Madrid* 55 (1): 140.
- COMESAÑA, P. et CASTRO, M.L. 2000. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi, 7572-7593. *Anales Jard. Bot. Madrid* 58 (2): 347-348.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. ET TRABA, J.M. 2003. *Setas de Galicia*. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Xunta de Galicia.
- SOLIÑO, A., JUSTO, A et CASTRO, M.L. 1999. Recopilación bibliográfica (1850-1997) de citas macromicolóxicas de Galicia I: ordes Agaricales, Auriculariales, Boletales e Cantharellales. *Mykes* 2: 3-73. Vigo.
- SOLIÑO, A., JUSTO, A et CASTRO, M.L. 2000. Recopilación bibliográfica (1850-1997) de citas macromicolóxicas de Galicia II: Basidiomycota (non Agaricales, Auriculariales, Boletales e Cantharellales)-Ascomycota. *Mykes* 3: 3-72. Vigo.
- SOLIÑO, A., JUSTO, A et CASTRO, M.L. 2001. Aportacións ó catálogo macromicolóxico galego (Ascomycota, Basidiomycota): 1998-2000. *Mykes* 4: 37-67. Vigo.